



## Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) correo@cerdido.es



### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO CON DATA 29 DE FEBREIRO DE 2024

En Cerdido, sendo as 20:30 horas do día 29 de febreiro de 2024 reúnense na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública ordinaria e en primeira convocatoria.

Preside: D. Alberto Rey Paz

Asisten:

D<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez

D. Darío Santalla López

D. Jose Manuel Luaces Piñón

D. Julián Blanco Rodríguez

D. Brais Prieto Verdial

D<sup>a</sup>. Rocío Martínez Martínez

D<sup>a</sup>. María de los Dolores Pita Anca

Ausencias:

D. Diego Graña Pérez

Secretario-interventor accidental: César Yáñez Carballeira

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

#### 1. Aprobación das actas dos plenos do 28/12/2023, 22/01/2024 e 06/02/2024

Antes de proceder á votación a Concelleira D<sup>a</sup>. Rocío Martínez Martínez indica a súa abstención en relación á acta do 06/02/2024 dado que ela non asistiu a ese Pleno

Procédese á votación das actas dos plenos do 28/12/2023, 22/01/2024 e 06/02/2024 co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 do Alcalde Alberto Rey Paz, e dos concelleiros María Amalia Díaz Rodríguez, Darío Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñón, Brais Prieto Vidal, Rocío Martínez Martínez, María de los Dolores Pita Anca e Julián Blanco Rodríguez.

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

#### 2. Relación de Decretos da Alcaldía para dar conta no pleno ordinario de febreiro.

Deuse conta dos seguintes decretos que figuran na relación que se achega:

Nº Decreto	Data	Asunto
342/2023	21-12-2023	Contrato menor de subministro para a adquisición de mesas
343/2023	21-12-2023	Contrato actividades de nadal para nenos/as. Festival reis 6 de xaneiro



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



		2024
344/2023	21-12-2023	Contrato da obra "Ninja" do grupo Ghazafellos. Rede Cultural 2023
345/2023	21-12-2023	Contrato da obra "A illa sen tesouro" do grupo de teatro Ghazafellos. Rede Cultural 2023
346/2023	21-12-2023	Contrato menor para a adquisición de banda redutora, dous espellos e un poste
347/2023	22-12-2023	Pleno ordinario 28/12/2023
348/2023	27-12-2023	Contrato menor mixto para o deseño de carteis, cabezais e bocas e impresión de vinilos e lonas. Proxecto "Dotación de puntos limpos de proximidade no Concello de Cerdido". Anualidade 2023
349/2023	27-12-2023	Contratación de Subministracións de sinalización no núcleo de Vila da Igrexa e outros lugares. Financiado por POS +AD2a 2022
350/2023	27-12-2023	Liquidación reclamación de débeda xa vencida coa Seguridade Social, correspondente ao período 02/2023.
351/2023	27-12-2023	Aprobación, se procede, da relación de facturas F/2023/5.
352/2023	28-12-2023	Convocatoria Subvenciones Nominativas a asociacións e entidades durante o ano 2023
353/2023	28-12-2023	Contrato menor para Proxecto de control arqueolóxico e desmontaxe, traslado e restauración do Cruceiro de San Xoán dos Casás
354/2023	29-12-2023	Expediente para a aprobación das asistencias dos concelleiros ás sesións dos órganos colexiados durante o ano 2023.
01/2024	03-01-2024	Alta no padrón municipal de habitantes Travesas, 4, A Barqueira
02/2024	03-01-2024	Contratación de Obras. Mellora de espazo nos Casas. POS 2022. Abreviado sumarísimo. Adxudicación obra
03/2024	05-01-2024	Contrato actuación Coral Polifónica Eixil. Rede Cultural 2023
04/2024	08-01-2024	1.1. PEL-Concellos 2024
05/2024	09-01-2024	Reserva de pavillón polideportivo o 20 de xaneiro para actividades particulares
06/2024	09-01-2024	Convenio de colaboración entre os concellos de Fene, Cerdido, Moeche, San Sadurniño, Valdoviño e Cedeira para a xestión compartida do centro comarcal de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento rural de a Fusquenlla
07/2024	10-01-2024	Aprobación do protocolo de seguridade do Esquema Nacional de Seguridade ENS
08/2024	11-01-2024	Relación de recibos correspondentes ó mes de decembro do 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
09/2024	11-01-2024	Prórroga do Orzamento 2023 para o exercicio 2024
10/2024	16-01-2024	Alta no padrón municipal de habitantes en Piñeiro, 15, Cerdido



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



11/2024	16-01-2024	Contrato menor mixto para reparacións e colocación de campana en vivenda Os Casás
12/2024	16-01-2024	Contratación clases de Ioga de xaneiro a maio de 2024
13/2024	17-01-2024	Pleno extraordinario 22/01/2024 sorteo dos membros das mesas electorais
14/2024	18-01-2024	Aprobación pago IRPF (mod. 111) e IVE (mod. 303) do 4º Trimestre de 2023.
15/2024	23-01-2024	Ausencia Alcalde Asistencia Futur
16/2024	30-01-2024	Contrato Menor subministro e instalación de tres mini puntos limpos no marco do proxecto: Dotación de puntos limpos de proximidade no Concello de Cerdido; subvencionado pola Xunta de Galicia
17/2024	31-01-2024	Nóminas do mes de xaneiro de 2024 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, e aprobación dos seguros sociais correspondentes ao mes de decembro de 2023.
18/2024	31-01-2024	LIQUIDACIÓN DO CANON DA AUGA CORRESPONDENTE AO 3º CUADRIMESTRE DO EXERCICIO 2023
19/2024	02-02-2024	Axuste dos saldos iniciais dos conceptos non orzamentarios 201 (IRPF) e 91 (IVE soportado)
20/2024	02-02-2024	TR351G. Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural)
21/2024	05-02-2024	Pleno extraordinario urxente 06/02/2024
22/2024	05-02-2024	Convocatoria Pleno extraordinario urxente 06/02/2024
23/2024	06-02-2024	Padrón de contribuíntes da taxa polo abastecemento de auga a domicilio e o padrón de contribuíntes da taxa pola recollida de lixo do ano 2024
24/2024	06-02-2024	Programa do plan corresponsables: madrugadores/campamento (SI436A)
25/2024	06-02-2024	POS+2024. Achega 2024. abastecemento Abelleira-Hospital
26/2024	07-02-2024	POS+2024. Achega 2023. abastecemento Area recreativa o Castro
27/2024	07-02-2024	POS+2024. Achega 2023. peche campo de fútbol
28/2024	07-02-2024	Aprobación de pago de sanción por infracción tributaria
29/2024	08-02-2024	POS+2024. Achega 2023. camiño de acceso a Cuqueira e outros
30/2024	08-02-2024	POS+2024 Complementario. Viario Gondredo-Piñeiro
31/2024	08-02-2024	POS+2024. ACHEGA 2023. ABASTECIMENTO AREA RECREATIVA O CASTRO
32/2024	08-02-2024	Contratación festival entroido 2024
33/2024	12-02-2024	Subvención para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



		municipais. Mellora do parque infantil do Castro (código de procedemento PR486A).
34/2024	12-02-2024	Subvención para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais. Mellora do parque infantil do Castro (código de procedemento PR486A). Decreto corrección erros
35/2024	15-02-2024	Alta no padrón municipal de habitantes en Guelle, 1, A Barqueira
36/2024	15-02-2024	Alta no padrón municipal de habitantes Casavella, 8, A Barqueira
37/2024	20-02-2024	Liquidación do servizo de axuda a domicilio do mes de xaneiro de 2024
38/2024	20-02-2024	Subvención para a planificación enerxética de EELL. (IN418E)
39/2024	20-02-2024	Notaria Cedeira rectificación discrepancias catastrais 15025a081441
40/2024	19-02-2024	Subvención do programa de apoio ao Centro de Información á Muller CIM
41/2024	21-02-2024	AGADER 2023-2024

O Sr. Alcalde pregunta se alguén necesita aclarar algo

D. Brais Prieto Verdial pregunta polo decreto 28/2024 sobre aprobación de pago de sanción por infracción tributaria

O Sr. Alcalde aclara que foi un requirimento que se fixo no ano 2021 que non se contestou e agora nos poñen unha multa por un pago á seguridade social ou do IRPF

D<sup>a</sup>. Rocío Martínez Martínez pregunta polo decreto 343/2023 do contrato actividades de nadal, se inclúe solo os gastos do festival.

O Sr. Alcalde di que é o festival de reis, contratado coa empresa IG10 e máis os inchables.

D<sup>a</sup>. Rocío Martínez Martínez pregunta polo decreto 346/2023 de Contrato menor para a adquisición de banda redutora, para donde é.

O Sr. Alcalde responde que para as Barbelas, e os espellos un para Casavella e o outro xa está colocado en Casaldaia.

D<sup>a</sup>. Rocío Martínez Martínez pregunta polo decreto 348/2023 de Contrato menor mixto para o deseño de carteis, cabezais e bocas e impresión de vinilos e lonas.

O Sr. Alcalde aclara que son os tres puntos limpos que se van a instalar, e esa subvención iba en dúas anualidades, a anualidade do 2023 eran os carteis pegados nos contenedores, e para o 2024 farase o contrato do contenedor en si, que se instalarán un en cada parroquia.

D. Brais Prieto Verdial pregunta polo decreto 38/2024 sobre a subvención para a planificación enerxética de EELL

O Sr. Alcalde di que é unha subvención do INEGA para facer un estudo enerxético de todo o concello, alumeado público, dos edificios municipais, caldeiras de calefacción, gasto de gasóleo, que se fará o estudo cunha empresa e inclúe sacar a concurso o subministro de alumeado, e os pregos, e recomendación de cambios en calefacción e baixada de potencias do alumeado que aínda



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



están coas potencias de antes do cambio a LED, e as empresas subministradoras do alumeadado que hai tres diferentes.

### MOCIÓNS DE URXENCIA

O Alcalde toma a palabra para incorporar fora da orde do día e por urxencia unha moción, xustificando a urxencia nun requirimento da Deputación Provincial relativo á solicitude do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024 no que advertiron dun erro na denominación da obra “Peche campo de fútbol” non coincide coa denominación do proxecto que debe ser Reposición de peche en campo de fútbol municipal” e que na achega municipal consignouse 7.970,52 cando debería ser 7.970,51.

Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a urxencia anterior, 8 votos a favor do Alcalde Alberto Rey Paz, e dos concelleiros María Amalia Díaz Rodríguez, Darío Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñón, Brais Prieto Vidal, Rocío Martínez Martínez, María de los Dolores Pita Anca e Julián Blanco Rodríguez.  
Seguidamente se pasa a votar a moción presentada coa seguinte redacción:

“Ao abeiro do disposto nas Bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+2024 publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 227 do 28 de NOVIEMBRE do 2023

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno do Concello de Cerdido adoptar o seguinte acordo

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á “achega provincial 2023”:

#### A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	82,424.35 €
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	0.00 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>82,424.35 €</b>

#### B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
Abastecemento Abelleira -	34,108.41 €	0.00 €	4,871.38 €	4,871.38 €	38,979.79 €



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



Hospital					
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2024</b>	<b>34,108.41 €</b>	<b>0.00 €</b>	<b>4,871.38 €</b>	<b>4,871.38 €</b>	<b>38,979.79 €</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Abastecemento Área Recreativa O Castro	23,641.97 €	7,970.51 €	3,976.23 €	11,946.74 €	35,588.71 €
Reparación de peche en campo de fútbol municipal	34,701.08 €	0.00 €	0.00 €	0.00 €	34,701.08 €
Camiño acceso a Cuqueira e outros	32,029.29 €	0.00 €	0.00 €	0.00 €	32,029.29 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b>	<b>90,372.34 €</b>	<b>7,970.51 €</b>	<b>3,976.23 €</b>	<b>11,946.74 €</b>	<b>102,319.08 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0
<b>Subtotal redución da débeda do concello coa deputación</b>	<b>0</b>

### D) Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	82,424.35 €			
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)				
	Achega 2024	34.108,41 €	0	4,871.38 €	4,871.38 €



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2023</b>	90,372.34 €	7,970.51 €	3,976.23 €	11,946.74 €	102,319.08 €
<b>C- REDUCCIÓN DA DÉBIDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN</b>	<b>Achega 2024</b>					
	<b>Achega 2023</b>					
<b>D- TOTAL</b>	<b>Achega 2024</b>	116.532,76 €		4,871.38 €	4,871.38 €	4,871.38 €
	<b>Achega 2023</b>	90.372,34 €	7,970.51 €	3,976.23 €	11,946.74 €	102,319.08 €
	<b>TOTAL</b>	0.00 €	7,970.51 €	8,847.61 €	16,818.12 €	107,190.46 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles</b> <b>(mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)</b>	<b>(A) Orzamento de contrata</b>	<b>(B) IVE soportado deducible</b> <b>(encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)</b>	<b>(C)=A-B Orzamento subvencionable</b> <b>(Diferenza entre a columna A e a B)</b>
Viario Gondredo-Piñeiro	59.345,51		59.345,51
<b>TOTAIS</b>	59.345,51		59.345,51


3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase





## Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a moción anterior, 8 votos a favor do Alcalde Alberto Rey Paz, e dos concelleiros María Amalia Díaz Rodríguez, Darío Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñón, Brais Prieto Vidal, Rocío Martínez Martínez, María de los Dolores Pita Anca e Julián Blanco Rodríguez.

### 3.- Rogo e preguntas

D. Brais Prieto Verdial pregunta ó concelleiro de obras sobre as obras que se fan, na pista do Espiño, a dez metros do espello que se puxo, nunha finca que a se fixo a cuneta e o tubo de entrada quedalle máis lonxe.

O Sr. Alcalde di que non houbo queixa pero que pasará a falar co propietario.

D. Brais Prieto Verdial di que solicitou os proxectos do muro do campo de fútbol e a pista do taller dos Casás a Calmourel, e pregunta se non iba un suxeita contenedores.

D. Jose Manuel Luaces Piñón di que hai un en Calmourel que cree que se está feito

O Sr. Alcalde, di que no bar non recorda pero o mirará, a base de formigón

D. Brais Prieto Verdial pregunta que pasa coas pistas nas que se limparon as cunetas, como a de Barbas ou a de Barrosa, que as cunetas están feitas hai meses.

O Sr. Alcalde di que nos Casás xa empezaron, e que en outra, Barbas, Noval, Regueirolongo, Cubos e Penso, a empresa está en concurso de acreedores, e poida ser que se teña que sacar de novo a licitación.

D. Brais Prieto Verdial pregunta polas fontes en Felgosas e Casilla, que os tubos están tupidos

O Sr. Alcalde responde que se limparon recentemente, e se volverán a limpar.

D<sup>a</sup>. Rocío Martínez Martínez pregunta se está listo o presuposto

O Sr. Alcalde di que están xa case listos e que convocará un Pleno extraordinario en breve.

D<sup>a</sup>. Rocío Martínez Martínez pregunta pola adquisición de materiais para o contemento do paseo.

O Sr. Alcalde que xa se puxeron 200 metros e pediuse máis material que o que viño non chegou.

D. Julián Blanco Rodríguez pregunta como está o tema da piscina.

O Sr. Alcalde di que xa están redactado os pregos pero falta aprobar o presuposto para poder facer a licitación





## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



D. Julián Blanco Rodríguez fala sobre suxestións que trasladan os veciños, como en desprendementos en pistas, ou un tubo á intemperie que se conxela ou unha canalización dunha cuneta en Freis.

O Sr. Alcalde di que do tubo da auga non se acordou.

D<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez di que da canalización falou coa propietaria e non lle deu ningunha queixa

D. Julián Blanco Rodríguez intervén para falar sobre que doutro lado da pista tamén se tupe por ramas, e que os desprendementos e por taludes moi verticais, na pista Vilar a cruz dos Novás.

O Sr. Alcalde aclara que se ten aviso recóllese a terra, pero que non pode actuar sobre o terreo privado.

D<sup>a</sup>. María de los Dolores Pita Anca pregunta polo estado da pista do Carreiro da Bola a Riba de Abaixo, que está rebentado.

O Sr. Alcalde responde que é pola obra de Telefónica, da fibra, Que cando están a traballar causa moitos problemas.

D. Brais Prieto Verdial intervén para preguntar se hai algún seguro ou fianza.

O Sr. Alcalde aclara que nas obras en estradas si, noutras non.

D<sup>a</sup>. María de los Dolores Pita Anca di que no Carreiro da Bola algo adecentaron.

O Sr. Alcalde di que aínda que é responsabilidade da empresa, a obra vai incluída no AGADER

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Alcalde levántase a sesión sendo as 20:50 horas, do que eu, secretario accidental, dou fe